



XIX CARREIRA POPULAR DE PONTECESURES

Sábado 29 de decembro de 2018
Praza do Coche de Pedra (Pontecesures)
A partir das 16:15 horas

O Concello de Pontecesures organiza a **XIX** edición da súa carreira popular na localidade de Pontecesures o sábado 29 de decembro de 2018 a partir das 16:15 horas e de acordo ao seguinte:

REGULAMENTO

1. Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha soa clasificación conxunta. O control técnico das carreiras estará a cargo do Comité Galego de Xuices da Federación Galega de Atletismo.
2. Categorías dos participantes e horario das probas:

CATEGORIAS E HORARIOS

CATEGORIA	ANOS NAC	DISTANCIA	HORA
Biberóns	2014 e posteriores	200 m	17:15 h
Pitufos/as	2012/2013	500 m	16:15 h
Sub 10	2010/2011	850 m	16:25 h
Sub 12	2008/2009	850 m	16:35 h
Sub 14 - Sub 16	2006/2007 - 2004/2005	1.700 m	16:45 h
Sub 18 - 20	De 2000 a 2003	9 Kms aprox	17:05 h
Sub 23 / SENIOR	De 1983 a 1999	9 Kms aprox	17:05 h
MÁSTER MASC/FMNO A	De 1974 a 1982	9 Kms aprox	17:05 h
MÁSTER MASC/FMNO B	1973 e anteriores	9 Kms aprox	17:05 h

ENTREGA DE PREMIOS AS 18:10 - 18.30 HORAS
NA PRAZA DO COCHE DE PEDRA /
NO CENTRO SOCIAL EN CASO DE CHOIVA

A SAIDA DE TODAS AS PROBAS REALIZARASE DESDE
A PRAZA DO COCHE DE PEDRA (PONTECESURES)

3. INSCRICIONS

- ✓ A inscrición da proba absoluta (de sub 18/sub 20 a máster) poderá realizarse nas webs www.carreirasgalegas.com e www.atletismo.gal con **data límite o xoves 27 de decembro ás 23.59 horas***.
- ✓ A inscrición das carreiras escolares (de pitufo a sub 16) farase tamén a través das páxinas web www.carreirasgalegas.com e www.atletismo.gal (**data límite: xoves 27 de decembro ás 23.59 horas***).

Deberán rellenar o formulario cos datos requeridos e finalizar o proceso de inscrición (poderán consultar o listado provisional de inscritos en dita web).

PREZOS DA INSCRICION

- **CATEGORIAS ESCOLARES** (de biberóns a sub 16 incluídos): **GRATUITA**
- **PROBA ABSOLUTA** (de sub 18/sub 20 a máster): **5 €**

* O pago da inscrición poderá realizarse pola pasarela de pago das páxinas web www.carreirasgalegas.com e www.atletismo.gal.

Para calquera dúbida co proceso de inscrición poderán poñerse en contacto co teléfono **981 291 683** (Federación Galega de Atletismo), ou no em@il santiago@atletismo.gal.

Teléfonos de información xeral da proba:

✚ **986 564 410 / 986 564 403** (**Concello de Pontecesures**)

Non se admitirán inscricións fóra do prazo establecido nin se admitirán inscricións o día da proba.

4. PREMIOS E AGASALLOS

- ✚ **Camiseta para os 400 PRIMEIROS atletas chegados a meta na proba absoluta. Repartiranse tamén camisetas de regalo para os atletas das categorías escolares.**
- ✚ Trofeos ós 3 primeiros/as clasificados/as da xeral (9 km aprox.) (premios NON acumulativos).
- ✚ Trofeo ós 3 primeiros clubs federados da clasificación xeral.
- ✚ Medallas ós/ás 3 primeiros/as de cada categoría establecida no regulamento da proba, agás nas categorías biberón e pitufo onde non haberá clasificación (entregarase medalla a todos os participantes).
- ✚ Trofeo o/a participante máis veterano/a que logre concluir a proba polos seus propios medios e sen axudas externas.

PREMIOS A CLUBES FEDERADOS

POSTO	IMPORTE
1º CLUBE FEDERADO CLASIFICADO	300,00 €
2º CLUBE FEDERADO CLASIFICADO	200,00 €
3º CLUBE FEDERADO CLASIFICADO	100,00 €

A clasificación de clubs establecerase a través dos **8 primeiros** clasificados do mesmo pola suma dos seus postos na clasificación xeral da proba absoluta. Os clubs federados deberán estar compostos alo menos por 8 compoñentes, sexan homes ou mulleres, con licencia federativa en vigor que logren cruzar a liña de meta.

5. A entrega de dorsais terá como tempo límite 30 minutos antes de cada proba e realizarase no **Centro Social de Pontecesures [no día da proba – sábado 29 de decembro de 2018- de 15.00 a 16.15 horas (categorías escolares) de de 15.00 a 16.50 horas (proba absoluta)]**, a carón da saída das probas (recomendase asistir con suficiente antelación). Os dorsais colocaranse nun lugar visible na parte anterior do corpo, preferentemente na zona do peito, respectándose a publicidade existente neles. Na proba absoluta os atletas correrán cun chip que irá situado na parte traseira do dorsal.
6. Está rigurosamente prohibido o acompañamento dos participantes e tamén a entrada ao circuíto de toda persoa allea á carreira.
7. A Organización resérvase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento. A participación nas probas suporá a total aceptación deste Regulamento.
8. Haberá servizo de duchas no Pavillón **Polideportivo Municipal de Pontecesures**.
9. Todo o non recollido no presente regulamento rexirase pola normativa de probas en ruta da **FGA** e da **RFEA** en vigor.

10. OUTRAS CONSIDERACIÓNS

ASISTENCIA MÉDICA E SEGUROS: A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifieste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa

realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor. NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.